Concello de
Paradela

José Manuel Mato Díaz (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 06/11/2017
HASH: 69c2e4f4fcf7ddcd799f996151264871

## PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Ante a posibilidade de incorporación do superávit orzamentario referendado polo remanente de tesouraría para gastos xerais aos destinos alternativos da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, é precisa a modificación de créditos núm. 9/2017 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito

**DISPOÑO**

**PRIMEIRO**. Que polo Secretario-Interventor se emita un informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debe seguir para practicar a devandita modificación no orzamento.

**SEGUNDO**. Que polo Secretario-Interventor se emita un informe de Intervención sobre o cumprimento dos requisitos necesarios para a incorporación do superávit orzamentario, o destino de aplicación e o importe correspondente a cada un deles.

Paradela, 6 de novembro de 2017

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

Documento asinado electronicamente á marxe

Cod. Validación: E4NXAHCZSE5PWSDWMYMHDXWTH | Corrección: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

Concello de
Paradela

José Manuel Mato Díaz (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 06/11/2017
HASH: 69c2e4f4fcf7ddcd799f996151264871

# MEMORIA DA ALCALDÍA

Segundo a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, habilita ás Corporacións Locais para aplicar o superávit orzamentario xerado no exercicio anterior, e dado que o Concello dispón de remanente líquido de Tesourería, faise precisa a modificación de créditos núm. 9/2017 do orzamento municipal en vigor, de acordo ca seguinte xustificación:

1º.- Obra de **"Rede de abastecemento de auga ao lugar de Agurtión"** por importe de **2.357,41 euros**. As obras teñen unha vida útil superior aos cinco anos e non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria porque non suporá incremento de gasto en exercicios futuros.

2º.- Obras de rexeneración de vías públicas municipais, "**Apertura, explanación e afirmado de camiños rurais en Nai, Edrada e Ferreiros**", por importe de **18.150,00** euros. Dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). O acondicionamento e rexeneración das vías públicas municipais non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que ditas vías xa existen e non será necesario un desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

3º.- Obra de **"Rede de abastecemento de auga ao lugar de Andreade"**, aportación municipal do 20% do proxecto por importe de **6.941,13** euros. As obras teñen unha vida útil superior aos cinco anos e non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria porque non suporá incremento de gasto en exercicios futuros.

4º.- Obras de rexeneración de vías públicas municipais, "**Acondicionameto e rexeneración camiños municipais no Concello de Paradela**", aportación municipal do 33,83 % do proxecto por importe de **16.765,51** euros. Dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). O acondicionamento e rexeneración das vías públicas municipais non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que ditas vías xa existen e non será necesario un desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

O cambio de financiación das aportacións dos investimentos establecidos no punto 3º e 4º, por importe de 23.706,64 euros que pasa a ser con cargo ó supervávit presupostario, permiten utilizar o crédito dispoñible noutros investimentos inicialmente non previstos.

Paradela, 6 de novembro de 2017
O Alcalde-Presidente
Asdo.: José Manuel Mato Díaz
Documento asinado electronicamente á marxe

Cod. Validación: 3RNWL74LL49QK7KSGF54DWDZN | Corrección: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

José López González (1 de 1)
Secretario-Interventor
Fecha Firma: 06/11/2017
HASH: 7344daf14f60a2d884d3702c76a64ac4

**INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 9/2017, DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA.**

Con motivo da aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 9/2017 do orzamento en vigor, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería, en cumprimento do previsto na providencia da alcaldía do día 6 de novembro de 2017, e unha vez vista a memoria da alcaldía da mesma data, de conformidade co artigo 16.2 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, emito o seguinte, INFORME

**Primeiro.-** A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demáis actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea, de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Segundo.-** Tal e como dispón o artigo 16.1, último inciso e 16.2, do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, a Intervención local presentaralle ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 177.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En caso de que o resultado da avaliación sexa de incumprimento do principio de estabilidade, a Entidade Local formulará un Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Terceiro.-** O equilibrio orzamentario despréndese da comparación dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos e os capítulos 1 a 7 de ingresos.

**Cuarto.-** A capacidade de financiamento, previsto a 31 de decembro de 2016, á vista do informe de liquidación do exercicio 2016, remitido ao Ministerio de Hacienda, é de 132.152,89 euros.

**Quinto.-** De aprobarse o presente expediente, nos termos fixados na proposta da alcaldía, a estimación da capacidade de financiamento a 31 de decembro deste ano seguiría sendo positiva.

**Sexto.-** Cabe informar que, en base ao expediente motivo do informe, cúmprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento



Cód. Validación: 7WXNGHSE9ACDRXGER7LG4ADYQ | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 2

da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

Paradela, 6 de novembro de 2017
O Secretario-Interventor
José López González
Documento asinado electronicamente á marxe



Cód. Validación: 7WXNGHSE9ACDRXGER7LG4ADYQ | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 2

José López González (1 de 1)
Secretario-Interventor
Fecha Firma: 06/11/2017
HASH: 7344daf14f60a2d884d3702c76a64ac4

# INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA E USO DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO.

Mediante Providencia de Alcaldía de data 6 de novembro de 2017, solicitouse informe desta Intervención en relación co expediente de modificación de créditos nº 9/2017, primeiro baixo a modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

En cumprimento do que se establece no artigo 177 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 4.1.g) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 34 a 38 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e á memoria xustificativa subscrita para ese fin pola alcaldía, emito informe en base aos seguintes:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A liquidación de 2016, entendida nos termos do artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e aos efectos deste procedemento, arroxa un saldo en termos consolidados de **132.182,59 euros** de capacidade de financiamento, polo que se cumpre o requisito de estabilidade orzamentaria positiva.

Tendo en conta o presente expediente a capacidade de financiamento que quedaría para poder utilizar en posteriores modificacións, sempre que se cumpran o resto de requisitos esixidos sería de **106.703,23** euros, logo do expediente de incorporación de remanente de créditos do exercicio 2016 ao actual 2017.

Segundo.- O importe do remanente de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2016 é de **210.607,69** euros, polo que se cumpre o requisito de remanente de tesourería para gastos xerais positivo.

Terceiro.- O importe da débeda viva existente da entidade a 31 de decembro de 2016 é de **156.457,81** euros, que supón o 12,33 % sobre os ingresos correntes liquidados, inferior ao límite legal do 110%.

Cuarto.- O período medio de pago a proveedores non supera o límite legal previsto na normativa de morosidade (30 días).

Quinto.- A Conta 413, de "Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento" e outras equivalentes, ten un saldo de cero euros.

Sexto.- O Concello atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Sétimo.- O saldo positivo deducido da comparación entre o remanente líquido de tesourería para gastos xerais e a capacidade de financiamento, unha vez deducido o importe do expediente 1/2017, de incorporación de remanentes é de **52.945,74 euros.**

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

Cód. Validación: 5J3QQ5H6MHHQ6P3FLSX7JL9SL | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 5

En base aos antecedentes expostos emítese o seguinte, INFORME

**Primeiro.-** A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 169, 170, 172, 177, 182 e Disposición Adicional 16ª do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

- Os artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

- Os artigos 3, 4, 11, 12, 13, 21, 23, 32 e Disposición adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

- O artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (a Disposición Derrogatoria Única da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF), non derroga expresamente o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro).

- O Regulamento da Unión Europea nº 2223/96 relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95).

- O artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

**Segundo.-** Á vista dos antecedentes, conclúese:

— O cumprimento dos requisitos da disposición adicional sexta da lei orgánica 2/2012 na redacción dada pola lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro de control de débeda comercial no sector público.

— O importe aplicable a financiar investimentos sempre que ao longo da súa vida útil esta sexa financeiramente sustentable será de **44.214,05 euros.**

**Terceiro.-** Pola alcaldía tense redactado a memoria económica requirida para a presentación de investimentos financeiramente sustentables, en cumprimento do disposto na Disposición adicional 16ª do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, introducida polo Real Decreto Lei 2/2014, de 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e costa cantábrica, na que se expón:

1º.- Obra de **"Rede de abastecemento de auga ao lugar de Agurtión"** por importe de **2.357,41 euros**. porte de **2.357,41 euros**. As obras teñen unha vida útil superior aos cinco anos e non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria porque non suporá incremento de gasto en exercicios futuros.

2º.- Obras de rexeneración de vías públicas municipais, "**Apertura, explanación e afirmado de camiños rurais en Nai, Edrada e Ferreiros**", por importe de **18.150,00**



Cód. Validación: 5J3QQ5H6MHHQ6P3FLSX7JL9SL | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 5

euros. Dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). O acondicionamento e rexeneración das vías públicas municipais non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que ditas vías xa existen e non será necesario un desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

3º.- Obra de **"Rede de abastecemento de auga ao lugar de Andreade"**, aportación municipal do 20% do proxecto por importe de **6.941,13** euros. As obras teñen unha vida útil superior aos cinco anos e non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria porque non suporá incremento de gasto en exercicios futuros.

4º.- Obras de rexeneración de vías públicas municipais, "**Acondicionameto e rexeneración camiños municipais no Concello de Paradela**", aportación municipal do 33,83 % do proxecto por importe de **16.765,51** euros. Dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). O acondicionamento e rexeneración das vías públicas municipais non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que ditas vías xa existen e non será necesario un desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

O cambio de financiación das aportacións dos investimentos establecidos no punto 3º e 4º, por importe de 23.706,64 euros que pasa a ser con cargo ó supervávit presupostario, permiten utilizar o crédito diposñible desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

**Cuarto.-** O orzamento de 2017 aprobouse no prazo legal fixado ao efecto, e confeccionouse en base a unha previsión da liquidación do 2016. Con esas previsións estimouse que se cumpría a regra de gasto.

**Quinto.-** O resumo das aplicacións orzamentarias ás que se destinará o superávit orzamentario será o seguinte:

Altas en aplicacións de gastos:

| Aplicación orzamentaria | | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|
| 161 | 629 | Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Investimento nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral | 9.298,54 € |
| 453 | 619 | Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Inversións reais de reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral. | 34.915,51 € |
| **Total gastos** | | | **44.214,05 €** |

**Financiamento:**

Esta modificación fínanciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:



Cód. Validación: 5J3QQ5H6MHHQ6P3FLSX7JL9SL | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 3 de 5

Altas en concepto de ingresos

| Concepto | Descrición | Euros |
|---|---|---|
| 870 | Remanentes de tesourería | 44.214,05 € |
| **Total ingresos** | | **44.214,05 €** |

**Sexto.-** Á vista de todo o exposto, estamos diante duns investimentos financeiramente sostibles nos termos establecidos a tales efectos na Disposición adicional 16ª do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, infórmase favorablemente sobre a constancia dos investimentos expostos na memoria da alcaldía, xa que destas actuación non se derivan incrementos de gastos futuros, e que o Concello de Paradela se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

— Os investimentos teñen reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas:

Programa 453: Estradas

Programa 161: Saneamento, abastecemento e distribución de augas.

— Os gastos de investimentos financeiramente sostibles queda imputado ao Capítulo VI do estado de gastos do orzamento 2017.

O investimento permitirá dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública por parte da Corporación Local.

— Os investimentos espérase que rematen antes de fin do exercicio 2017 en caso contrario, poderase rematar no 2018, incorporando remanente do exercicio anterior, e será necesario estimar que non se incorre en inestabilidade orzamentaria a finais do 2018.

**Sétimo.-** O órgano competente para a aprobación do expediente é o Pleno da Corporación, segundo os artigos 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sen que sexa esixible un quórum especial.

**Oitavo.-** De acordo co artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, por que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, son de aplicación aos expedientes de modificación de crédito nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario as normas sobre información, reclamación e publicidade dos Orzamentos a que se refire o artigo 169 da Lei.

Polo tanto, a aprobación inicial deste expediente exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do Texto Refundido). O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.



Cód. Validación: 5J3QQ5H6MHHQ6P3FLSX7JL9SL | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 4 de 5

Igualmente, o presuposto coa modificación definitivamente aprobada, será publicado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Segundo o que se establece no artigo 169.7 do Real decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberá estar a disposición do público, a efectos informativos, copia de cada unha das modificacións desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de dita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do que se establece no artigo 113.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

**Conclusión.-**

Polo exposto, o expediente 9/2017, de modificación de créditos por suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesourería, por importe de **44.214,05 euros**, para execución de investimentos financeiramente sostibles, permite o cumprimento do obxectivo de estabilidade a 31 de decembro de 2017.

Paradela, 6 de novembro de 2017
O Secretario-Interventor
José López González
Documento asinado electronicamente á marxe

Cód. Validación: 5J3QQ5H6MHHQ6P3FLSX7JL9SL | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 5 de 5

Concello de Paradela

## PROPOSTA DE ALCALDÍA

José Manuel Mato Díaz (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 06/11/2017
HASH: 69c2e4f4fcf7dddcd799f9961512264871

En relación co expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 9/2017 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario, vistos os informes de Secretaría-Intervención emitidos en data 6 de novembro de 2017, sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir e sobre a posta de manifesto do cumprimento dos requisitos da disposición adicional sexta, así como o importe aplicable aos destinos alternativos, que ascende a **44.214,05** euros.

Visto que, segundo a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, habilita ás Corporacións Locais para aplicar o superávit orzamentario xerado no exercicio anterior, e dado que o Concello dispón de remanente líquido de Tesourería, faise precisa a modificación de créditos núm. 9/2017 do orzamento municipal en vigor, de acordo ca seguinte xustificación:

1º.- Obra de **"Rede de abastecemento de auga ao lugar de Agurtión"** por importe de **2.357,41 euros**. porte de **2.357,41 euros**. As obras teñen unha vida útil superior aos cinco anos e non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria porque non suporá incremento de gasto en exercicios futuros.

2º.- Obras de rexeneración de vías públicas municipais, "**Apertura, explanación e afirmado de camiños rurais en Nai, Edrada e Ferreiros**", por importe de **18.150,00** euros. Dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). O acondicionamento e rexeneración das vías públicas municipais non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que ditas vías xa existen e non será necesario un desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

3º.- Obra de **"Rede de abastecemento de auga ao lugar de Andreade"**, aportación municipal do 20% do proxecto por importe de **6.941,13** euros. As obras teñen unha vida útil superior aos cinco anos e non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria porque non suporá incremento de gasto en exercicios futuros.

4º.- Obras de rexeneración de vías públicas municipais, "**Acondicionameto e rexeneración camiños municipais no Concello de Paradela**", aportación municipal do 33,83 % do proxecto por importe de **16.765,51** euros. Dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). O acondicionamento e rexeneración das vías públicas municipais non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que ditas vías xa existen e non será necesario un desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

O cambio de financiación das aportacións dos investimentos establecidos no punto 3º e 4º, por importe de 23.706,64 euros que pasa a ser con cargo ó supervávit presupostario, permiten utilizar o crédito diposñible noutros investimentos inicialmente non previstos.

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

Cod. Validación: 4PCYWGFAYTLLGEYQQHMAJ9NRE | Corrección: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Concello de Paradela

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.-** Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 9/2017 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar investimentos financeiramente sostibles, cuxo detalle é o seguinte:

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

| Aplicación orzamentaria | | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|
| 161 | 629 | Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Investimento nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral | 9.298,54 € |
| 453 | 619 | Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Inversións reais de reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral. | 34.915,51 € |
| **Total gastos** | | | **44.214,05 €** |

Altas en concepto de ingresos

| Concepto | Descrición | Euros |
|---|---|---|
| 870 | Remanentes de tesourería | 44.214,05 € |
| **Total ingresos** | | **44.214,05 €** |

**SEGUNDO.-** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradela, 6 de novembro de 2017

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

Documento asinado electronicamente á marxe



Cod. Validación: 4PCYWGFAYTLLGEYQQHMAJ9NRE | Corrección: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 2

Concello de Paradela

**D. José López González, Secretario-Interventor do Concello de Paradela, Provincia de Lugo**

**Certifico:** Que o Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 9 de novembro de 2017 adoptou, entre outros, o acordo que trascribo literalmente a continuación:

**"2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 9/2016, DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO CON CARGO AO REMANENTE DE TESUARARÍA PARA GASTOS XERAIS, PRA FINANCIAR INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.**

Conta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía.

"En relación co expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 9/2017 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario, vistos os informes de Secretaría-Intervención emitidos en data 6 de novembro de 2017, sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir e sobre a posta de manifesto do cumprimento dos requisitos da disposición adicional sexta, así como o importe aplicable aos destinos alternativos, que ascende a euros.

Visto que, segundo a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, habilita ás Corporacións Locais para aplicar o superávit orzamentario xerado no exercicio anterior, e dado que o Concello dispón de remanente líquido de Tesourería, faise precisa a modificación de créditos núm. 9/2017 do orzamento municipal en vigor, de acordo ca seguinte xustificación:

1º.- Obra de **"Rede de abastecemento de auga ao lugar de Agurtión"** por importe de **2.357,41 euros**.

As obras teñen unha vida útil superior aos cinco anos e non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria porque non suporá incremento de gasto en exercicios futuros.

2º.- Obra de **"Rede de abastecemento de auga ao lugar de Andreade"**, aportación municipal do 20% do proxecto por importe de **6.941,13** euros. As obras teñen unha vida útil superior aos cinco anos e non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria porque non suporá incremento de gasto en exercicios futuros.

3º.- Obras de rexeneración de vías públicas municipais, "**Acondicionameto e rexeneración camiños municipais no Concello de Paradela**", aportación municipal do 33,83 % do proxecto por importe de **16.765,51** euros. Dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). O acondicionamento e rexeneración das vías públicas municipais non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que ditas vías xa existen e non será necesario un desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

José López González (1 de 2)
Secretario-Interventor
Fecha Firma: 10/11/2017
HASH: 7344daf14f60a2d884d3702c76a64ac4

José Manuel Mato Díaz (2 para 2)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 10/11/2017
HASH: 69c2e4f4fcf7ddcd799f996151264871

Cód. Validación: 6TPESWMETLMXQJF6P7JRC9QLK | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 3

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

O cambio de financiación das aportacións dos investimentos establecidos no punto 2 e 3, por importe de 23.706,64 euros que pasa a ser con cargo ó supervávit presupostario, permiten utilizar o crédito diposñible noutros investimentos inicialmente non previstos.

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.-** Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 9/2017 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar investimentos financeiramente sostibles, cuxo detalle é o seguinte:

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

| Aplicación orzamentaria | | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|
| 161 | 629 | Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Investimento nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral | 9.298,54 € |
| 453 | 619 | Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Inversións reais de reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral. | 34.915,51 € |
| **Total gastos** | | | **44.214,05 €** |

Altas en concepto de ingresos

| Concepto | Descrición | Euros |
|---|---|---|
| 870 | Remanentes de tesourería | 44.214,05 € |
| **Total ingresos** | | **44.214,05 €** |

**SEGUNDO.-** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradela, a 6 de novembro de 2017. O Alcalde Asdo.: José Manuel Mato Díaz Documento asinado dixitalmente ao marxe".

Non habendo debate algún, procedeuse á votación da proposta, resultando aprobada pola maoría absoluta, co voto a favor dos seis membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal do Partido Socialista, que asisten á sesión sendo nove o seu número legal de membros".

**E para que así conste e aos efectos oportunos, expido e asino a presente certificación, por orde e co visto e prace do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz, en**

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

Cód. Validación: 6TPESWMETLMXQJF6P7JRC9QLK | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 3

**Paradela a nove de novembro de dous mil dezasete.**

**Vº e prace**

**O Alcalde** **O Secretario-Interventor**

**Asdo.: José Manuel Mato Díaz** **Asdo.: José López González**

**Documento asinado electronicamente ao marxe**



Cód. Validación: 6TPESWMETLMXQJF6P7JRC9QLK | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 3 de 3

Concello de Paradela

PARADELA
REXISTRO SAIDA
2017-S-RC-910
09/11/2017 14:25

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
REXISTRO XERAL
10 NOV. 2017
ENTRADA n.º
DECRETO pase a

José Manuel Mato Díaz (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 09/11/2017
HASH: 69c2e4f4fcf7ddcd799f996151264871

**Asunto: Publicación anuncio urxente.**

Adxunto remítolle anuncio relativo á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 9/2017, de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar investimentos financeiramente sostibles, para os efectos da súa publicación urxente no Boletín Oficial da Provincia.

O presente anuncio foi remitido en data 9 de novembro de 2017 dende a conta de correo concello.paradela@eidolocal.es.

En Paradela, a 9 de novembro de 2017
O Alcalde-Presidente
Asdo.: José Manuel Mato Díaz.
Documento asinado dixitalmente ao marxe

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA
San Marcos, 8
27001-LUGO

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

Cod. Validación: 5M7JTH9L4EEPWNQWPMWQ2DYGN | Corrección: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Concello de Paradela

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 9/2017, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS, PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o 9 de novembro de 2017, o expediente de modificación de créditos nº 9/2017, de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar investimentos financeiramente sostibles, en cumprimento do que se dispón no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días contados dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

En Paradela, a 9 de novembro de 2017

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Manuel Mato Díaz.

Documento asinado dixitalmente ao marxe

Cod. Validación: 5M7JTH9L4EEPWNQWPMWQ2DYGN | Corrección: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

| | |
|---|---|
| | familiar |
| Sistema de tratamento | Mixto: automatizaranse os datos persoais no sistema do Concello e internamente para facer as xestións necesarias para a xestión das solicitudes de instrumentos, e por outra banda arquívase a documentación aportada polos usuarios en papel |
| Medidas de seguridade | Medidas de seguridade de nivel básico, segundo o Real Decreto 1720/2007, de 21 de Decembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da LOPD. |
| Cesións de datos que se prevén | Non se prevén cesións de datos |
| Transferencias internacionais de datos | Non se realizarán transferencias internacionais dos datos deste ficheiro |

R. 3353

## MONDOÑEDO

*Anuncio*

Dª.Elena Candia López, Alcaldesa do Concello de Mondoñedo, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Na sesión celebrada o día 10 de novembro do 2017, o Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria aprobou provisionalmente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2018.

En aplicación do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo , polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, iníciase un prazo de información pública de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas na defensa dos seus intereses. Transcorrido dito prazo sen que se presentara alegación algunha, o orzamento entenderase aprobado definitivamente.

Mondoñedo, 11 de novembro de 2017.- ALCALDESA , María Elena Candia López

R. 3361

## PARADELA

*Anuncio*

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 10/2017, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE GASTOS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o 9 de novembro de 2017, o expediente de modificación de créditos nº 10/2017, de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, en cumprimento do que se dispón no artigo 169.1 por remisión do 179 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días contados dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

En Paradela, a 9 de novembro de 2017.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 3341

*Anuncio*

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 9/2017, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS, PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o 9 de novembro de 2017, o expediente de modificación de créditos nº 9/2017, de suplemento de crédito para a aplicación do

superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar investimentos financeiramente sostibles, en cumprimento do que se dispón no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días contados dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

En Paradela, a 9 de novembro de 2017.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 3342

---

## TRABADA

*Anuncio*

De acordo cos principios de publicidade e transparencia, faise público que a Xunta de Goberno do Concello de Trabada con data de 2 de outubro de 2017 e en data de 15 de novembro de 2017 acordou dar aprobación as BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) DO CEIP "CELSO CURRÁS" DO CONCELLO DE TRABADA así como, a súa publicación e convocatoria:

**AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN CURSO 2017/2018 BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) DO CEIP "CELSO CURRÁS" DO CONCELLO DE TRABADA**

**1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS** O obxecto desta convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións socioeconómicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da adquisición de libros e material escolar. Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os matriculadas/os no 2º ciclo de Educación Infantil no CEIP "CELSO CURRÁS" do Concello de Trabada.

**2.- BENEFICIARIAS/OS** As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que todos os membros da unidade familiar estean empadroada e teñan residencia efectiva no Concello de Trabada con carácter efectivo e acreditado ante o Concello con polo menos 12 meses de antelación da publicación das bases reguladoras. Sendo documento acreditativo o certificado de empadroamento e convivencia.

2. Ter fillas/os cursando estudios de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos no CEIP "CELSO CURRÁS", no curso 2017-2018

3. Non superar os ingresos económicos fixados no punto terceiro destas bases.

4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social

5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Trabada.

6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. No caso das unidades familiares que teñan aberto un expediente no departamento municipal de Servizos Sociais e que non reúnan os requisitos para solicitar as axudas, queda aberta a posibilidade da súa concesión segundo a valoración das profesionais do departamento municipal de Servizos Sociais para aqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do concello, co visto e prace da Alcaldesa, e o compromiso de cumprimento por parte das/os usuarias/os dos obxectivos fixados na intervención sociofamiliar realizada pola profesional correspondente (traballadora social).

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Trabada:

a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación

b. Adquirir os libros e material escolar preferentemente nun establecemento comercial minoritario.

c. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras

**Concello de Paradela**

D. José López González, Secretario-Interventor do Concello de Paradela, Provincia de Lugo

CERTIFICO:

Que o expediente de modificación de crédito n.º 9/2017 de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar investimentos financeiramente sostibles, foi obxecto de exposición ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 264 do 17 de novembro de 2017, durante quince días hábiles comprendidos entre o 20 de novembro e o 12 de decembro de 2017, ambos os dous incluídos, sen que durante o citado período se presentase reclamación algunha, polo que a citada modificación elévase a aprobada definitivamente, tal e como consta no acordo plenario de data 9 de novembro de 2017.

E para que así conste e aos efectos oportunos expido e asino a presente certificación, por orde e co visto e prace do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz, en Paradela, a trece de decembro de dous mil dezasete.

Vº Bº
O Alcalde
Asdo.: José Manuel Mato Díaz

O Secretario-Interventor
Asdo.: José López González

Documento asinado electronicamnete ao marxe

José López González (1 de 2)
Secretario-Interventor
Fecha Firma: 13/12/2017
HASH: 7344daf14f60a2d884d3702c76a64ac4

José Manuel Mato Díaz (2 para 2)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 13/12/2017
HASH: 69c2e4f4fcf7ddcd799f9961512648 71

Cód. Validación: 4HAYXEX6QCDC44HSLJ7P4TMNK | Verificación: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 1

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

Concello de Paradela

PARADELA
REXISTRO SAIDA
2017-S-RC-995
13/12/2017 12:37

**Asunto: Publicación anuncio urxente.**

Adxunto remítolle anuncio relativo á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos nº 9/2017, de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar investimentos financeiramente sostibles, para os efectos da súa publicación urxente no Boletín Oficial da Provincia.

Envío realizado en data 13 de decembro de 2017 dende a conta de correo: concello.paradela@eidolocal.es

En Paradela, a 13 de decembro de 2017
O Alcalde-Presidente
Asdo.: José Manuel Mato Díaz
Documento asinado dixitalmente ao marxe

José Manuel Mato Díaz (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 13/12/2017
HASH: 69c2e4f4fcf7dddcd799f99615126487 1

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA
San Marcos, 8
27001-LUGO



Cod. Validación: 7A4GXXMQ7FW7H9ACGEA7372ES | Corrección: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Concello de Paradela

**ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 9/2017, BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS, PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**

En cumprimento do artigo 169.3, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado en sesión extraordinaria de data 9 de novembro de 2017, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 9/2017, baixo a modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar investimentos financeiramente sostibles, como segue a continuación:

Altas en aplicacións de gastos:

| Aplicación orzamentaria | | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|
| 161 | 629 | Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Investimento nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral | 9.298,54 € |
| 453 | 619 | Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Inversións reais de reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral. | 34.915,51 € |
| **Total gastos** | | | **44.214,05 €** |

Altas en concepto de ingresos

| Concepto | Descrición | Euros |
|---|---|---|
| 870 | Remanentes de tesourería | 44.214,05 € |
| **Total ingresos** | | **44.214,05 €** |

Contra o presente Acordo, en virtude do que se dispón no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do que se establece no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si só a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

En Paradela, a 13 de decembro de 2017

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

Documento asinado dixitalmente ao marxe

**Concello de Paradela**
Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

Cod. Validación: 7A4GXXMQ7FW7H9ACGEA7372ES | Corrección: http://paradela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

*Anuncio*

Exposición ao público

A través de Decreto número 17010435 aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de outubro de 2017, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 29 de decembro de 2017 ata o día 29 de xaneiro de 2018 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 28 de novembro de 2017.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN (Decreto nº 16008543 do 9 de novembro de 2016), Ana María González Abelleira

R. 3702

---

## PARADELA

*Anuncio*

Por ausencia do titular da Alcaldía deste Concello, dende o 18 ata o 31 de decembro de 2017, ambos inclusive, e de conformidade co que dispón o artigo 47.2, en relación cos artigos 43 e 44 do RD 2.568/86, de 28 de novembro.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar todas e cada unha das atribucións inherentes á Alcaldía, dende o 18 ata o 31 de decembro de 2017, ambos inclusive, no primeiro Tenente de Alcalde D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ.

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no BOP.

Manda e asina o Sr. Alcalde D. José Manuel Mato Díaz, en Paradela a catorce de decembro de dous mil dezasete, do que como Secretario-Interventor dou fe.

O Alcalde, José Manuel Mato Díaz. O Secretario-Interventor, José López González

R. 3703

---

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 9/2017, BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS, PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**

En cumprimento do artigo 169.3, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado en sesión extraordinaria de data 9 de novembro de 2017, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 9/2017, baixo a modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit

orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar investimentos financeiramente sostibles, como segue a continuación:

Altas en aplicacións de gastos:

| Aplicación orzamentaria | | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|
| 161 | 629 | Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Investimento nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral | 9.298,54 € |
| 453 | 619 | Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Estradas.<br>Inversións reais de reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral. | 34.915,51 € |
| **Total gastos** | | | **44.214,05 €** |

Altas en concepto de ingresos

| Concepto | Descrición | Euros |
|---|---|---|
| 870 | Remanentes de tesourería | 44.214,05 € |
| **Total ingresos** | | **44.214,05 €** |

Contra o presente Acordo, en virtude do que se dispón no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do que se establece no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si só a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

En Paradela, a 13 de decembro de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz

R. 3704

# ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

*Anuncio*

D/Dª MARIA DEL CARMEN ALVAREZ MARQUES, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PIEZA DE MEDIDAS CAUTELARES correspondiente al procedimiento DESPIDO 536/2017 seguido en este Juzgado de lo Social, a instancia de Dª MARIA TERESA LOPEZ LOPEZ contra la empresa CONPRONOR SL, sobre DESPIDO, se ha dictado AUTO de fecha 12-12-2017, cuya parte dispositiva literalmente dice:

**PARTE DISPOSITIVA**

**DISPONGO:** Que se desestima la adopción de la medida cautelar solicitada.

Notifíquese la presente resolución a las partes a los efectos oportunos, contra la que cabe recurso de reposición a presentar ante este Juzgado dentro de los tres días siguientes a su notificación

Así lo acuerda, manda y firma, Fernando López-Guitián Castro, juez sustituto del Juzgado de lo Social nº 2 de Lugo.

Y para que sirva de notificación en legal forma a CONPRONOR SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.